

EDITORIAL

Ainda que sempre é motivo de satisfacción sacar á luz un novo número da revista QUINTANA, esta vez unhas notas de pesar tinguen de tristura o editorial que aquí presentamos, pois temos que dar a nova do falecemento, en Pittsburgh (EE.UU), do profesor John Williams que foi para nós un investigador admirado, un membro sobranceiro do noso Comité Científico e, así mesmo, un brillante colaborador e inesquecible amigo cuxa memoria lembramos desde aquí.

Pero a vida da revista debe continuar e esta vez, seguindo sempre co seu tradicional formato, o número 13 está adicado ao tema monográfico Escenarios e imaxes do liberalismo á modernidade, co que se pretende dar conta da gran liberdade de ideoloxías que se deron cita no pensamento artístico da sociedade occidental no tránsito dos séculos XIX ao XX. E dentro deste apartado salientan as contribucións de cinco recoñecidos expertos como son os profesores José Manuel López Vázquez, Alexandrina Buchanan, Matilde Mateo, Manuel Núñez Rodríguez e Carlos Rejero os cales, con olladas e enfoques moi diferentes, proceden a analizar aspectos que teñen que ver cos "Desastres de la Guerra" de Goya, o pensamento do escritor John Ruskin, a visión do gótico español polo historiador escocés James Fergusson, o proceso creativo que deu forma á obra do gran escultor Rodin ou, por último, sobre como entendeu o nacionalismo catalán as personificacións de Castela, Galicia e da propia Cataluña nun determinado contexto histórico.

Xa no apartado de Colaboracións, son numerosas e heteroxéneas as achegas asinadas por moi diferentes autores -Minia Bravo Pintos, Joaquín García Nistal, Rosa María Giusto, Fernando Gutiérrez Baños, Rosario Llamas Pacheco, Maite Méndez Baiges, Francisco Ollero Lobato, Mónica Ortúzar González, José Antonio Peinado Guzmán, Rosa Perales Piqueres, Íñigo Sarriguarte Gómez, Natalia Tilve García e Carlos Villar-Taboada-, introducións nun amplo abano de temas e enfoques que van desde a arte medieval ao mundo contemporáneo, da enxeñería ao campo máis abstracto da música, da arquitectura á cerámica ou, por poñer algúns exemplos non menos importantes, das zonas verdes máis emblemáticas de Compostela á restauración das artes plásticas, ou mesmo das alegorías co gallo de relevantes acontecementos históricos.

Escritos sobre... incide, á súa vez, no rescate dun texto pouco coñecido do prestixioso intelectual galego Víctor Said Armesto que leva por título "Tristán e a literatura rústica española", que é analizado e posto en valor polo profesor Carlos Villanueva.

Feitos e tendencias afrontan a realidade da exposición organizada polo Centre de Cultura Contemporània de Barcelona sobre o escritor alemán W. G. Sebald, e tamén o festival "Feito a man" que encheu de música e creatividade as rúas e prazas de Santiago, feitos comentados por Matías García Rodríguez e José Luís Vila Leirós.

Non debemos esquecer que a sección de Reseñas céntrase, como sempre, na análise dunha serie de recentes publicacións de tema artístico que son comentadas con rigor e precisión por un cada vez máis numeroso grupo de colaboradores.

Por conseguinte, despois de dar as grazas a todos os que contribuíron á elaboración do presente número -revisores, colaboradores, membros respectivos dos comités científico e de redacción, equipo de dirección do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago e aos dous secretarios que levan desde hai anos o peso burocrático da revista-, só réstanos expresar o noso máis sincero recoñecemento á Deputación da Coruña por exercer, como sempre, como xenerosa patrocinadora da edición do número que contemplamos. Por iso é polo que destacamos especialmente a profesionalidade demostrada por todo o persoal da súa imprenta, a amabilidade e atencións recibidas por Manuel López Foxo e pola vicepresidenta María Goretti Sanmartín e, obviamente, polo propio presidente Valentín González Formoso que desde o principio quixo prestar á revista o seu máis decidido apoio.

Alfredo Vigo Trasancos
Director da revista QUINTANA